

Conquista e colonización de América.

As Leis de Indias. A revolución dos prezos.

Despois do descubrimento de América en 1492 comeza unha longa fase de exploración, conquista e colonización coa intención de incorporar as terras do Novo Mundo á Monarquía Hispánica, explotar os seus recursos e someter os pobos indíxenas.

A **conquista** organizouse de xeito privado a través das **capitulacións**, acordos outorgados pola Coroa aos conquistadores. Neles concédenselles terras, botín e cargos de goberno a cambio de colocar o novo territorio baixo soberanía da Coroa e de entregarlle unha parte dos beneficios (o **quinto real**). Malia o reducido dos continxentes empregados, a superioridade tecnolóxica, os problemas internos dos imperios prehispánicos e o desconcerto provocado pola chegada dos conquistadores facilitaron a incorporación de territorios. Entre as expedicións de conquista, que se prolongaron durante a primeira metade do século XVI, destacaron as dirixidas por **Hernán Cortés**, quen **someteu o Imperio azteca** (1519-1522), e **Francisco Pizarro, conquistador do Imperio inca** (1524-1531).

Tras a conquista iniciouse un intenso proceso de **colonización**. Cumpría por en explotación e organizar a administración do territorio. Dado o reducido número de peninsulares, o aproveitamento dos recursos americanos baseouse na explotación dos indíxenas. Estes foron sometidos á **encomenda**, sistema polo que a Coroa confiaba aos conquistadores un certo número daqueles, que debían entregar traballo e produtos aos encomendeiros, a cambio de que estes os protexesen e evanxelizasen. Para o traballo nas minas, utilizouse a **mita**, un sistema de traballo de orixe incaico que obrigaba as comunidades indíxenas a proporcionar os traballadores necesarios para as grandes minas de prata (Potosí no Perú, Zacatecas en México). Na práctica, ficarian sometidos a unha situación de servidume que, sumada aos efectos da conquista e á difusión de enfermidades de orixe europea (variola, gripe, sarampelo), provocaría unha auténtica **catástrofe demográfica**. A diminución brutal da man de obra indíxena impulsou a **trata de negros**, a importación de escravos negros africanos, que había converterse nun dos negocios máis rendibles da Idade Moderna.

A prata extraída das minas americanas permitiu financiar as **aspiracións hexemónicas dos Habsburgo** españois durante o século XVI e contribuíu ao crecemento económico e a expansión dos intercambios comerciais durante a Idade Moderna. Provocou tamén na metrópole unha descontrolada inflación, a chamada **revolución dos prezos**. Esta tivo consecuencias moi negativas para a produción propia, especialmente a manufactureira, que perdeu competitividade fronte á doutros países europeos (Inglaterra, Francia, Baixos) e para as condicións de vida dos sectores populares.

A **administración das Indias**, incorporadas á Coroa de Castela, esixiu o establecemento de novas institucións. Para a gobernación das terras americanas creouse o **Consello de Indias** e para regular e controlar o comercio colonial fundouse a **Casa de Contratación**. Ambas instaláronse en en Sevilla, convertida na cidade máis próspera e poboada da Monarquía nos ss. XVI e XVII.

En América establecéronse dous grandes **vicereñados**: Nova España e Perú. Cada un abrangía varias **gobernacións ou capitanías**, distritos que, á súa vez, comprendían numerosos **municipios ou corriximentos** gobernados por un **cabido**. Ademais, nas principais cidades establecéronse **audiencias**, tribunais con importantes atribucións xudiciais e administrativas.

Promulgouse tamén unha lexislación particular para os dominios americanos, recompilada nas **Leis de Indias** (as **Leis de Burgos** de 1512, as **Leis Novas** de 1542). Estas disposicións trataron de regular a relación entre os colonos e os indíxenas, considerados súbditos da Coroa e, polo tanto, non suxeitos a escravitude. As denuncias de Frei Bartolomé de las Casas contra os abusos dos encomendeiros e o maltrato aos indíxenas foron oídas, pero as restricións ao traballo forzoso e as encomendas introducidas nas Leis Novas apenas foron cumpridas.

A conquista e a explotación das Indias tiveron un enorme **impacto**. Fundáronse novas cidades e portos, medraron os intercambios comerciais e difundíronse novas especies entre unha e outra banda do Atlántico. Pero perpetrouse o **expolio das riquezas do continente**, someteuse aos indíxenas a unha **explotación inmisericorde** e impúxose un **régime comercial de monopolio** en prol da metrópole. Ademais, as poboacións amerindias foron sometidas a un proceso de **evanxelización e aculturación forzosas**.

Os colonos erixíronse en grupo social dominante. Malia a **mestizaxe**, configuráronse **sociedades extremadamente racistas** onde o cor da pel se sumaba aos criterios xurídicos (privilexios) e económicos (riqueza) á hora de definir a xerarquía social.